

Seminario

"Practicando a arte da escritura"



Impartido por:

- Profa. Dra. Nancy Vázquez Veiga, Facultade de Filoloxía da UDC

Descrición:

Escribir ben é difícil, pero iso non significa que non podamos aprender a facelo. En xeral, non contamos cunha boa formación en técnicas de escritura. Ademais, as tecnoloxías dixitais teñen cambiado a natureza da comunicación interpersonal e deron entrada a unha serie de xéneros discursivos electrónicos, cuxa utilización require coñecer cales son as súas características e as regras que debemos observar para que as nosas intervencións sexan correctas e axeitadas. Este seminario, de carácter eminentemente práctico, está deseñado para as persoas que teñan ou que queiran escribir, xa que se lles proporcionarán estratexias de redacción para producir distintos tipos de textos. O Seminario non ten pretensións literarias, senón que procura potenciar o uso activo da escritura para aprender, para o ocio, para divertirse ou para pensar. O noso obxectivo é que as persoas que participen melloren as súas habilidades de comunicación escrita.

Obxectivos:

- Axudar ás persoas participantes a expresarse de xeito claro e efectivo na súa vida diaria a través de diferentes tipos de textos.
- Ensinar como axustar a escritura segundo o destinatario e o propósito comunicativo.
- Fomentar a importancia de revisar e corrixir os textos antes de envialos (ortografía, gramática, cohesión, etc.).
- Ensinar formatos específicos, coas súas propias regras e convencións.
- Estimular a creatividade.

Metodoloxía:

Metodoloxía participativa, centrada en involucrar activamente ás persoas participantes no seu proceso de aprendizaxe. Combinaremos a teoría coa práctica, permitindo que os/as asistentes non só adquiran coñecementos, senon que tamén os apliquen e participen activamente na súa propia formación.

Contidos:

- 1. Comunicación escrita efectiva**
 - 1.1. Tipos de textos cotiáns: correos electrónicos, mensaxes de texto, publicacións en redes sociais, diarios, etc.
 - 1.2. Claridade e concisión: a “linguaxe clara”
- 2. Adaptación ao contexto**
 - 2.1. Ton e estilo: a intencionalidade comunicativa
 - 2.2. Formatos específicos: convencións
- 3. Revisión**
 - 3.1. Erros comúns: como correxilos
 - 3.2. Revisión eficiente: técnicas para a revisión de textos
- 4. Creatividade na escritura cotiá: como superar o bloqueo mental**

Calendario e horario

Tres sesións de dúas horas e media (**de 11 a 13:30 horas**), os **días 6, 13 e 27 de marzo de 2026**, nas instalacións da **Universidade Sénior** en Normal (Paseo de Ronda, 47) da Coruña .

Inscrición e matrícula

As prazas son limitadas e serán asignadas por rigorosa orde de inscrición. A inscrición só poderá realizarse mediante formulario electrónico, **do 13 de febreiro ao 1 de marzo de 2026**, a través da páxina web: www.udc.gal/senior. Máis información: **Secretaría da Universidade Sénior** (Tlf. 881014507 – secretaria.senior.coruna@udc.es)